

Un referente para a creación d@s nov@s narrador@s: A b i s m o s

▼ FRAN ALONSO

A literatura, na súa interminable progresión está, por fortuna, renovándose continuamente. A penas se consolida unha xeración xa vén outra detrás, sempre con máis forza, con máis empuje, con novas propostas, novos referentes e novos intereses. Eis a vocación da nova colección que hoxe lles presentamos ás lectoras e aos lectores: Abismos.

ABISMOS nace coa intención de converterse nun punto de encontro, nunha plataforma para a creación literaria posta ao servizo das novas narradoras e dos novos narradores. Xa que logo, será unha colección para dinamizar, para abrir debate, para berrar, para crear e propoñer desde o que a creación ten de abismal, de persoal, de íntimo, de social, de precipitación nese universo irrepetible que é a construción dunha porposta narrativa orixinal.

Co criterio básico de publicar textos de narradoras e narradores mozos, seleccionados en función da súa calidade literaria, ABISMOS vai significarse por unha liña aberta e plural, definida a través dun Consello Editorial composto por Rosa Aneiros, escritora e xornalista; Xurxo Borrazás, escritor e profesor; Teresa Cuññas Lavandeira, filóloga e xornalista; Iria Sobrino, filóloga e crítica literaria; e eu mesmo como coordinador. Para presentar a colección, ofrecemos tres interesantes

títulos de saída, tres propostas ben diferentes entre si: *Narradoras*, un volume referencial que, por primeira vez, reúne relatos inéditos de 25 narradoras galegas; *Dubido se matei a Lena*, de Medos Romero, un libro transgresor e marcadamente de e sobre a muller; e *Tute para catro*, de Xesús Fraga, un retrato actual, cheo de humor, sobre a vida dunha vila galega estándar. Tres libros, tres propostas, asinadas por novos nomes para a nosa narrativa.